



O Niño



O Niño

Mercedes Gallego Esperanza



O Niño I

Cando me fun facendo grandíño comecei a saír fora da finca, o Otelo esperábame sempre para pelexar ou rifar segundo as circunstancias, ¿que circunstancias?, pois se estaba acompañado por outros gatos como el quería pelexa, e se estaba so prefería rifar, eu aproveitaba esta última conxuntura para pasar da rifa á pelexa porque era cando me resarcía de tódalas falcatuadas que me facía cando ia cos seus colegas.

Un día, nada máis saltar o muro da finca, atopei o Otelo con dous dos seus satélites como se me estiveran esperando,. ¡Sorpresa!, nin rifa nin pelexa, pola contra, amosaron una gran satisfacción por verme, e Otelo, levando como sempre a voz cantante, díxome que estaban pensando en ir aos niños, que se quería ir, eu dubidei da oferta, pero el animoume a que non o pensase máis que o iamos pasar ben. A min ese cambio de actitude no meu máis grande inimigo pareceume un milagre, porque era o que desexaba e non me

parei a pensar se podía deberse a outras razóns ó marxe do milagre. Tiña tantas ganas de resolver as diferenzas co Otelo que non reparei en nada. Así que nos botamos a andar, eles ían moi paroleiros e prestábanme moita atención, eu mentres ¡feliz!. Ao pouco de andar, o camiño fíxoseme descoñecido e as silvas mancábanme na pel e os toxos no mulido das patas, pero non dixen nada para que non se risen de min. Ó cabo dunha hora o medo tamén apareceu pero seguín aguantando ó velos a eles tan desenvoltos nun medio tan hostil. Por fin chegamos a un regueiro que corría por entre moitas árbores e no medio tiña un gran penedo contra o que batía a auga con forza. Entón o Otelo díxome que alí cada árbore tiña máis de tres ou catro niños, e para demostrarlle aos gatos vellos do Outeiriño os bos cazadores que eramos iamos levar un niño cada un cos seus paxariños dentro. Evidentemente iso implicaba que tiñamos que dominar o instinto e non tocarlle aos paxaros ata que os do Outeiriño deran fe e que logo xa podíamos facer unha boa festa con eles. Eu dicíalle que si a todo pois seguía a mar de contento co trato e coa atención que me prestaban.

Puxémonos a buscar os niños, eu ía detrás deles ata que de repente me vin só diante dun niño con catro fermosos paxariños, ¡vaia!, o de fermosos era polo trofeo pois beleza pouca tiñan porque inda estaban en cañoto, sen plumas. Berrei polos colegas que apareceron mostrando moita alegría á vez que festexaban o bo cazador que eu era a pesar da miña xuventude e inexperiencia, eu non cabía en min e xa me vía polo Outeiriño co meu niño ao lombo. Entón o Otelo deu a orde de que esperase alí co niño mentres eles ían buscar os seus, pero suxeriu, para maior seguridade, que me axudarían a pasar ao penedo que se atopaba no medio do regueiro porque ía estar máis seguro. Botaron una galla ata a pedra, víase que eran expertos neste da supervivencia , e axudáronme a cruzar a min e o niño e alí nos deixaron recomendándome que non me descoidase que podía vir outro bicho e marcharme cos paxaros e que non me impacientara que eles virían pronto. Alí quedei no medio do regueiro concentrado na vixilancia do niño. Non sei canto tempo pasaría, pero a verdade é que cando saín do meu ensimesmamento a noite e os seus ruídos xa estaban por riba de

min. Entón despertei do meu sono de heroe e vin a realidade, eses fillos de puta non eran os meus amigos, o que buscaban era vinganza desfacéndose de min e de paso esmendrellarse de risa. Chorei de rabia e iso espantoume o medo por un pouco pero a crúa realidade é que non tiña maneira de saír daquel penedo maldito, e como me vira unha raposa non pararía ata rescatarme para o seu bandullo. Mirei para os paxariños e prometinlles que aínda que as miñas tripas me afogasen coa fame, que non os comería e que se saía de alí eles virían comigo e se non que alí morreríamos todos.

Continuará ...